

ASTRONOMÍA
E
AGRICULTURA

INFLUENCIA DA LÚA NA AGRICULTURA

A influencia da lúa nas mareas constitúe unha noción elemental estudada dende a escola primaria. Cando Newton formulou a lei de gravitación universal, a influencia da lúa nas mareas foi aceptada.



Esta influencia existiu dende sempre e estivo presente na tradición oral de marinos e pescadores de calquera parte do planeta.



A influencia da lúa nos seres vivos e outro fenómeno que aínda

hoxe non está recoñecido pola ciencia e dise que só existe aos ollos dos supersticiosos, a pesar de se teren realizado valiosas observacións con resultados que a evidencian. Tal influencia, de todas maneiras, existe e constitúe unha antiquísima tradición presente en todas as culturas ancestrais.



Dende o noso centro queremos aportar o noso gran de area para

R. Cando o ceo ten cor de lá escarpullada, se non chove hoxe, choverá mañá.



R. Cando o tempo anda ao revés, ata chove co nordés.

R. Lúa posta, baixamar na costa.



R. O sol de xaneiro non tén compañeiro.

R. Luna crecente, cornos a oriente.



R. Arco da vella pola mañá, auga pola tarde traerá.

R. Cando a candelaria chora, o inverno xa vai fóra; cando a candelaria ri, o inverno está por vir. Que chore, que deixe de chorar, metá do inverno está sen pasar.



R. Cando marzo maiea, maio marcea.



R. Lúa nova con tronada, trinta días de xornada.

R.Arriba niebla,
pousada pela,
que vén san Martín
co seu cabalín,
que te vai matar
que te vai esfolar,
que te vai tirar
de cabeza ao mar.



R. En mes morto
non póña-lo horto
nin cápe-lo porco.



R. Cerco no sol, molla o pastor.

R. Cerco na luna, seca a laguna.

R. A lúa cercada, de choivas
cargada.



R. Sol madrugador, pouco dura-
dor.

R. Cando o sol se pon cuberto,
choiva ou vento.



R. Ceo empedrado, chan molla-
do.

contribuír a esa evidencia. O alumna-
do do colexio vai participar nesta reco-
llida de datos, recabados no seu entor-
no familiar e de veciñanza. Elaboramos
este cuestionario que os guiará no tra-
ballo de campo:



INFLUENCIA DA LÚA NA AGRICULTURA E GANDEIRÍA

Para que traballos teñen en conta a
lúa na túa casa? Explica en que consis-
te



Para sementar as colleitas faise no
menguante. Deste xeito as prantas
non se saen e as colleitas son máis
abondosas.

R. A colleita sementada en men-
guante non sofre os ataques das
plagas e pestes con tanta viru-
lencia.



R. Para a sementeira de varios froitos. Tamén para trafegar

e para repolar as árbores. Sementando en crecente medran máis os froitos. O viño débese trafegar en menguante para a súa boa conservación. A repola



das árbores débese facer en crecente para que as pólas medren antes.

R. Para podar e plantar. Se se poda en crecente, os gromos reventan máis rectos e tiran máis. Se se fai en



menguante, os gromos non teñen tanta forza.

R. A trafega do viño débese facer en menguante e con ceo claro para que se conserve mellor.



R. Para sementar e para recoller o froito.

Consiste en sementar cando a lúa é decrecente para que as prantas resultantes produzan máis. Tamén recoller o froito en decrecente. Deste xeito o froito que se empregue para sementar será mellor.



R. En abril augas mil.

R. Ata o corenta de maio a vella non quita o saio.

R. En maio aínda a vella queima o escano.

R. Entre marzo e abril sae o cuco do cubil.

R. Xullo arder e patacas coller.

R. Nadal mollado, xaneiro xeado.

R. Cando trona,

Cristo sona.

san Miguel con su corona
garda o pan e garda o trigo,
saca a xente do peligro.

R. Pola santa lucía tan longa é a noite como o día.

R. Pola santa Lucía mengua a noite e crece o día.

R. O que en maio se molla, en maio se enxuga.



3. Observan alguna relación da lúa cos partos das vacas?

Explicao. Tamén podes preguntarlle ao veterinario.

R. Si. As vacas acostuman a parir ó cambio da lúa.

R. Se a vaca pare en crecente, da máis leite.

R. Cando hai cambio de lúa, paren máis vacas.



4. Por último, preguntalles se coñecen algún refrán da lúa, o sol, o arco da vella, o ceo...relacionado coa agricultura, gandería ou o tempo que vai facer.

R. Vale máis o que o sol deixa que o que a auga fai.


R. Ceo empedrado, aos tres días mollado.

R. Año de nieves, año de bienes.

R. Noite estrelada, noite xeadá.

R. Cando chove e dá o sol, cantan os galos en Penamaior.

R. Xear e anubrar, señal de nevar.



R. Para botar as sementes, faise en menguante. Para prantar, faise en crecente.

R. Para sementar ou prantar, dependendo do cultivo que sexa, faise nunha fase da lúa ou noutra.

R. Os arredores das fincas débense limpar no menguante de agosto. Deste xeito debilítanse as malas herbas, silvas, fentos...

R. O estrume débese cortar en crecente para que repole e medre mellor.

R. O pelo que se corta en menguante medrará menos que se se corta en crecente

2. Coñecen alguna maneira de predecir o tempo que vai facer a corto ou longo prazo? Se é así, dilles que cho expliquen. Anota tamén o nome do procedemento.

R. SORTES E RESORTES

Consiste en observar o tempo que fai en xaneiro.



JANERO	FEBRERO	MARZO
ABRIL	MAYO	JUNIO
JULIO	AGOSTO	SEPTIEMBRE
OCTUBRE	NOVIEMBRE	DICIEMBRE

Empezando polo primeiro día de xaneiro, cada día, dos doce primeiros, correspóndese cos 15 primeiros de cada mes. A partires do día 13, correspóndese cos 15 últimos de cada mes.

R. Co aire norte fará sol e co sur choverá.



R. Cando vai moita calor e se ven formigas de alas é que vai



haber tormenta.

R. Cando as moscas están pesadas é sinal de tormenta.

R. Cando os corvos cantan e andan xuntos e sinal de que ao día seguinte vai chover.

R. Á miña avoa dóelle a cabeza cando o tempo vai cambiar.



R. Cando estala a madeira é que vai cambiar o tempo.



R. Cando as anduriñas voan baixo, sinal de choiva.

R. Cando o ceo queda rosa cara ó Oeste, fará bo tempo. Se o ceo queda rosa cara ó Leste, fará mal tempo.

po.

R. Cando os avións reactores deixan raxo no ceo, é posible



que cambie o tempo: humidade, choiva, frío.



R. cando a néboa está nos altos, sinal de

choiva.

R. Cando as aves fan o niño alto, é ano de auga.



R. Figuriñas (galos) que segundo o tempo cambian de cor.